

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS), AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE (AES) 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, formalizaron o 08/11/2024 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de cinco (5) anos a partires do día seguinte á súa firma, podendo ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata outros cinco (5) anos adicionais.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer o mecanismo de colaboración entre as partes para a formalización dos contratos das axudas concedidas ao IDIS a través da Fundación ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2024 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, e cuxo extracto foi publicado no «Boletín Oficial do Estado» de data 22 de decembro de 2023 e cuxo texto completo atópase publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), con código identificativo 734336, e que lle correspondan formalizar ao Servizo Galego de Saúde por implicar actividade asistencial.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Instituto de Saúde Carlos III, organismo público de investigación con carácter de organismo autónomo, dos previstos no artigo 84.1.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do

Réxime Xurídico do Sector Público, é o organismo xestor das actividades da Acción Estratéxica en Saúde (AES). A AES ten como obxectivos principais fomentar a saúde e o benestar da cidadanía, así como desenvolver os aspectos preventivos, diagnósticos, curativos, rehabilitadores e paliativos da enfermidade, reforzando e incrementando para iso a competitividade internacional da I+D+i do Sistema Nacional de Saúde e das empresas relacionadas co sector e execútase a través de convocatorias competitivas anuais que desenvolven os programas de actuación anuais dos diferentes Programas Estatais.

Estas convocatorias da AES están dirixidas aos Institutos de Investigación sanitaria que deberán presentar solicitudes para os grupos de investigación adscritos a estes.

Con data 20 de decembro de 2023, a Dirección do Instituto de Saúde Carlos III ditou Resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ao ano 2024, mediante tramitación anticipada de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, e cuxo extracto foi publicado no «Boletín Oficial do Estado» de data 22 de decembro de 2023.

O convenio asinado establece o procedemento polo que se levará a cabo a contratación polo Servizo Galego de Saúde das persoas facultativas especialistas, diplomadas universitarias ou graduadas en Enfermaría, Odontoloxía ou en Fisioterapia, ou nas categorías sanitarias que se establezan nesta convocatoria da AES, seleccionadas na correspondente resolución de concesión de axudas, para realizar parte da actividade clínico-asistencial ao mesmo tempo que desenvolvan actividades de investigación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal.

